

# Séculos Escuros e Prerrexurdimento

## Os Séculos Escuros

Séculos Escuros é o nome que recibe o período literario posterior á idade media na literatura galega. Ocupa os séculos XVI, XVII e XVIII, e recibe ese nome porque, despois do esplendor medieval, durante estes séculos e debido a acontecementos políticos, a literatura galega desaparece (só conservamos algúns textos moi escasos), e o castelán imponse como lingua de prestixio.

Trala morte de Henrique IV de Trastámara (1474), prodúcese unha loita pola sucesión, na cal a nobreza galega apoia a Xoana a Beltranexa (filla do rei), pero vencerá Isabel a Católica (irmá do rei). En consecuencia a nova raíña marxinará o Reino de Galicia e implantará unha política centralista, retirará o poder á nobreza galega. A partir dese momento, o persoal que ocupará os cargos políticos, administrativos e eclesiásticos virá da corte, e falará castelán. Esta elite cultural e que dominaba o país impuxo o castelán como lingua da Administración, da Igrexa e da educación. A partir de aí, desencadeárase un proceso de substitución lingüística do galego polo castelán, que empezará, nesta altura polas clases altas galegas.

A lingua mantívose como maioritaria e practicamente toda a poboación (excepto os nobres, que serían bilingües) era galegofalante, pero a lingua, afastada do poder e da cultura, sufriu un proceso de ruralización e dialectalización.

Dese período de tres séculos, só conservamos unhas poucas mostras, algunhas son pezas populares, usadas polo pobo. Moi poucas son as mostras que conservamos de literatura culta.

LITERATURA CULTA		
Poesía	Prosa	teatro
-Algúns sonetos renacentistas e barrocos -Poemas das Festas Minervais. -Décimas ao Apóstolo Santiago	-Relazón de Carta Executoria a Pedro Pardo de Cela	-Entremés famoso sobre a pesca do río Miño.
LITERATURA POPULAR		
Poesía	Prosa	teatro
-Paxoliñas -"Pranto da Frouseira" -"Saqueo de Cangas polos turcos" -Cantigas de traballos	-Contos e lendas populares	-Representacións ligadas a festividades relixiosas (Corpus, Nadal) ou profanas (entroido).

No século XVIII, coa Ilustración (movemento cultural, científico e literario que defendía a razón e a lóxica, e que se interesará por estudar as manifestacións culturais do pobo), producírase un cambio de conciencia da intelectualidade ilustrada con respecto ao galego. En Galicia houbo un núcleo importante de ilustrados, e pretendían unha mellora da situación de Galicia, e tamén do seu idioma. Os dous ilustrados máis importantes foron: o Padre Feixoo, que demostrou que o galego non era un dialecto do castelán senón unha lingua irmá do portugués, e o Padre Sarmiento, que defendeu o uso do galego no ensino, na Igrexa e na Administración. Sarmiento

escribiu o *Coloquio de 24 gallegos rústicos* no que fai unha importantísima recompilación de léxico galego.

## O Prerrexurdimento e os precursores (século XIX)

Chamamos prerrexurdimento ao período que vai desde 1808 (data dos primeiros escritos en galego no século XIX), ata 1863 (data da publicación de *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro, data coa que se inicia o Rexurdimento pleno).

Nas primeiras décadas do século XIX escribíronse textos de carácter propagandístico, fundamentalmente por dúas razóns: animando á loita contra as tropas napoleónicas que invadiran o país, e de defensa dos ideais políticos do partido liberal.

As primeiras obras literarias do XIX son dúas: unha obra de teatro, *A casamenteira* (1842) de Antonio Benito Fandiño, que trata o tema dos matrimonios de conveniencia, e dous poemas amorosos de Nicomedes Pastor Díaz (“Belmiro e Benigno” e “Alborada”).

Durante o século XIX vai nacer un movemento político, o Provincialismo (porque se acababa de dividir en catro provincias a Galicia, e reclamaban que fose unha soa provincia), e vai xerar arredor de si un movemento ao que se ligarán os literatos do momento, comprometidos coa defensa do galego, e que coñecemos como Precursores. Publicaron en galego, sobre todo, textos poéticos. Os dous máis importantes foron:

Xoán Manuel Pintos (1811-1878)

Publicou *A gaita gallega* (1853), primeiro libro da literatura galega contemporánea, aínda que contén parte do texto en castelán e en latín. O obxectivo da obra era facilitar a aprendizaxe do galego.

Francisco Añón (1812-1878)

A súa obra está publicada en xornais da época. Escribiu poemas de carácter reivindicativo e costumista.

No século XIX tivo moita importancia para o desenvolvemento da literatura en galego durante o Rexurdimento o certame literario que se celebrou en Santiago en 1861, os Xogos Florais de Galicia, porque nel participaron poetas como Rosalía de Castro e Eduardo Pondal. As composicións que se presentaron a concurso foron recollidas no volume *Álbum de la Caridad*, que foi a primeira escolma de poesía galega.